

**PLAN
DE
CONVIVENCIA**

CEIP RAÍNS FABIO LA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

- 2.1. Características do centro e da súa contorna
- 2.2. Profesorado, alumnado e persoal auxiliar
- 2.3. As familias do alumnado do centro
- 2.4. A relación coas familias
- 2.5. Estado da convivencia no centro

3. OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

- 3.1. Obxecto
- 3.2. Finalidade
- 3.3. Principios

4. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 4.1. Comunidade Escolar
- 4.2. Docentes
- 4.3. Alumnado
- 4.4. Familias

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

- 7.1. Composición
- 7.2. Funcións

8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

- 8.1. Obxecto e Destinatarios
- 8.2. Obxectivos
- 8.3. Profesionais e espazo
- 8.4. Procedemento de actuación

9. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

- 9.1. Compromisos de convivencia
- 9.2. Protocolo de mediación.
- 9.3. Protocolo de acoso
- 9.4. Protocolo de procedemento conciliado
- 9.5. Protocolo ante agresións a docentes
- 9.6. Programa que contribúa á adquisición de habilidades sociais

10. ACTUACIÓNS

- 10.1. Medidas de carácter organizativo
- 10.2. Actuacións preventivas. Elaboración e difusión de normas.
 - 10.2.1. Actividades para facilitar a integración e a participación do alumnado.
 - 10.2.2. Actividades que faciliten o coñecemento por parte do alumnado das normas de convivencia.
 - 10.2.3. Actividades para divulgar os dereitos e deberes do alumnado.

10.2.4. Actividades para favorecer a relación das familias e o centro educativo.

10.3. Actuacións previstas para a sensibilización da comunidade educativa

10.3.1. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais.

10.3.2. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.

10.3.3. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias con relación ao desenvolvemento da tolerancia e o respecto.

11. NECESIDADES DE FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

12. ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

13. ANEXOS

CEIP RAÍÑA FABIOLA

1.INTRODUCCIÓN

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establecen os principios e fins da actividade educativa.

Entre os principios da educación sinalan a transmisión dos valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común, e a participación da comunidade educativa, así como o principio do esforzo compartido que deben realizar o alumnado, as familias, o profesorado, os centros, as administracións, as institucións e a sociedade no seu conxunto como requisito necesario para asegurar unha educación de calidade con equidade.

A convivencia escolar é a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes actores e estamentos da comunidade educativa. Ten un enfoque formativo, ao tratarse dunha aprendizaxe enmarcada en obxectivos fundamentais e transversais e, pola súa vez, é unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa.

Por todo o anterior, faise necesario impulsar intervencións positivas neste contorno a través dos contidos do currículo, da análise dos conflitos e do exercicio de prácticas metodolóxicas axeitadas.

O plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados.

Normativa de referencia:

Lei 8/1985 do dereito á educación

Lei 2/2006 LOE

Real decreto 732/1995 dos dereitos e deberes dos alumnos

Lei 4/2011 de convivencia e participación

Lei 8/2013 LOMCE

Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011

2.DIAGNÓSTICO DO ESTADO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

2.1. Características do centro e da súa contorna

O CEIP Raíña Fabiola atópase situado na zona noroeste de Santiago de Compostela. O alumnado que acude ao centro procede das zonas de influencia do colexio, e doutras zonas ata cubrir as prazas existentes. A demanda supera a oferta.

2.2. Profesorado, alumnado e persoal auxiliar

O equipo docente do centro está composto por 20 profesores e profesoras, dos que a maioría teñen destino definitivo neste centro o que facilita a continuidade dos plans de traballo.

O equipo non docente componse de:

1 coidadora

1 conserxe

O número de alumnado é sempre alto, nalgúns casos, por riba da rateo mínima establecida por aula.

Existe tamén outro persoal dependente do concello e da ANPA: monitoras de comedor e monitores de actividades e coidadora de autobús .

2.3. As familias do alumnado do centro

Feito o seguimento deste punto atopámonos con que hai un equilibrio entre os/as dedicados/as a actividades liberais (avogados, empresarios, artistas etc.) as/os funcionarios (persoal docente, xunta, concello etc.) e a outras labores.

2.4. A relación coas familias

Para unha mellor relación coas familias do alumnado establécense as seguintes medidas:

- Reunión coas familias a principios de curso para informalos sobre o funcionamento da aula e do centro, programación xeral do curso, horarios, profesorado, etc.

- Entrevistas periódicas con todas as familias en xeral, e coas do alumnado que presenta baixo rendemento ou problemas de comportamento.

- Reunión informativa coas familias do alumnado do curso sexto de Primaria para informar e aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos ao finalizar a Educación Primaria.

- Circulares informativas sobre diversos temas.

2.5. Estado da convivencia no centro

Os conflitos máis habituais son a indisciplina e as condutas disruptivas na aula. Porén, a situación xeral de convivencia no centro podemos catalogala de normal.

Por último, as medidas consideradas como máis efectivas son as que afectan ao ámbito organizativo, así como as que afectan á mellora en habilidades sociais e ás relacionadas coa cooperación das familias, xunto a medidas de modificación de conduta.

Para observar e detectar os conflitos que xurdan utilizaremos estas situacións habituais no funcionamento do centro:

- Vixilancias.

- Condutas de aula

- Recreos

- Entradas e saídas.

- Relacións coas familias.

3.OBXECTO, FINS E PRINCIPIOS DO PLAN

3.1 Obxecto

A normativa vixente establece que os centros educativos elaborarán e aprobarán un plan de convivencia no que se incluírán as normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares de cada aula, e todas as medidas e actuacións que desenvolverán estes para previr, detectar, tratar e

resolver os conflitos que puidesen formularse, así como outras actuacións para a formación da comunidade educativa nesta materia.

Partimos de que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo, e non só un conxunto de normas disciplinarias. As actuacións recollidas no presente plan deben favorecer obxectivos educativos estimulando cambios en todos os aspectos do individuo.

En termos xerais perseguimos favorecer propostas que axuden a conseguir unha formación no respecto de dereitos e deberes, no exercicio da tolerancia, dentro de principios democráticos de convivencia e mellorar a cohesión grupal e relacións internas.

Máis concretamente tratamos de:

- Fomentar a práctica de valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, polo mobiliario e bens comúns, tolerancia, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres ...)
- Mellorar o clima escolar (habitabilidade dos espazos, atmosfera ordenada e tranquila, relacións dentro da aula ...).

3.2. Finalidade

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

3.3. Principios

O conxunto de medidas e actuacións establecidas para a promoción da cultura de paz e á mellora da convivencia, basearase nos seguintes principios:

- Intervención preventiva e que fomente a creación dun ambiente socioeducativo no centro, no que predomine a resolución pacífica dos conflitos.
- Participación e intervención activa de todos os axentes no deseño,

planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións para a promoción e mellora da convivencia escolar.

- Corresponsabilidade e coordinación entre os distintos órganos e entidades tanto da Administración coma da comunidade educativa.

- Globalidade, de maneira que todos os elementos que compoñen a cultura de paz e que se dirixan a reducir os factores de risco e a reducir e evitar a conflitividade escolar sexan tidos en conta no desenvolvemento de todas as prácticas e actuacións que se desenvolvan na vida cotiá do centro.

4.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.1. Comunidade Escolar

- Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralas.

- Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

- Coñecer as normas xerais de convivencia do Centro e as medidas correctoras.

- Fomentar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

- Facilitar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

- Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos que favorezan un bo clima nas relacións entre eles.

4.2. Docentes:

- Dotar aos órganos de goberno e ao profesorado de instrumentos e recursos en relación coa promoción da cultura de paz, a prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.

- Establecer procedementos que posibiliten a resolución de conflitos de forma non violenta.

- Clarificar as vías de actuación que permitan resolver, derivar ou notificar posibles situacións conflitivas e/ou de risco que se detecten.

4.3.- Alumnado:

- Sensibilizalo sobre o seu papel no recoñecemento, evitación e control de conflitos.

- Desenvolver habilidades persoais de autoprotección e habilidades para a resolución de conflitos..

4.4. Familias:

- Sensibilizarse sobre a importancia de previr condutas violentas.

- Dotarse de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos/as en conflitos e ofrecerlle pautas de actuación.

- Reflexionar sobre a importancia do estilo de interacción familiar.

- Fomentar a colaboración de cara á detección de conflitos en diferentes espazos.

- Coñecer os recursos existentes no entorno.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA

Entre as **normas de convivencia** a contemplar propóñense aquí as seguintes:

- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso..
 - Asistir a clase ben aseado e con vestimenta apropiada.
 - Utilizar en clase un ton de voz suave.
 - Respectar a quenda de palabra.
 - Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa.
 - O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado.
 - Non excluír nin marxinar ningún/ha compañeiro/a.
 - Utilizar o diálogo para resolver os conflitos, evitando as pelexas e enfados cos compañeiros e compañeiras.
 - Ó longo do desenvolvemento da xornada escolar: evitaremos correr e dar voces polos corredores e escaleiras e trataremos de facer as entradas e saídas sempre cunha orde razoable.
 - Debemos coidar e utilizar correctamente todo o mobiliario e instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
 - Non se debe permanecer nos corredores ou saír ós servizos nos cambios de clase sen o permiso dun docente.
 - Fóra do horario lectivo, o alumnado non pode permanecer nos corredores nin nas clases sen a debida autorización e sempre cunha persoa responsable. Nos recreos non poden permanecer nas aulas sen un docente ao cargo.
 - O profesorado de garda de recreo deberá atender as demandas e problemas que poidan xurdir nos patios. Procuraremos que eses problemas queden solucionados no patio para que se trasladen o mínimo ás posteriores clases.
 - As normas de convivencia deben respectarse tanto en período lectivo coma nas actividades complementarias e extraescolares.
 - Non está permitido o acceso ás aulas de persoas alleas ao centro durante a xornada lectiva.
 - Toda a comunidade educativa debe de respectar as normas, plans, procedementos e protocolos existentes no centro.
 - Deixaranse recollidos e ordenados os materiais e o mobiliario utilizados.
 - Respectase o traballo do compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.
- Estas normas de carácter xeral, así como as medidas correctoras correspondentes, concréntanse en diferentes apartados do NOF.

6. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN

Establecidas no NOF

7. COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia constituirase no seo do consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

7.1. Composición

A Comisión de Convivencia estará integrada polas persoas representantes do profesorado, das familias na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro e integrará o principio de igualdade entre homes e mulleres. O nomeamento das persoas integrantes corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen porque ser os mesmos necesariamente.

Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións.

Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

Anualmente, a comezos de cada curso, o Consello Escolar do centro revisará a composición desta comisión, actualizando ou renovando no seu caso, aqueles membros que sexan necesarios, xa sexa por celebrarse renovación dos membros do Consello Escolar, ou por concorrer a baixa dalgún deles.

7.2. Funcións

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

Estará formado por:

PRESIDENCIA: director/a do centro educativo.

VICEPRESIDENCIA: xefe/a de estudos.

TITULARES:

- Catro representantes do profesorado.
- Orientador/a.
- Unha persoa representante do alumnado.
- Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.
- A persoa do Consello Escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e as iniciativas de coeducación.
- Unha persoa representante do persoal non docente.

SECRETARIO/A:

- Unha das persoas anteditas, con destino no centro, levantará acta das sesións.

8. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

8.1. Obxecto e Destinatarios

A finalidade do protocolo é tratar de ordenar e complementar a intervención dirixida a reconducir condutas graves contrarias ás normas de convivencia que se produzan nas aulas e entorpezan seriamente ou impidan o desenvolvemento das clases, á vez que colaborar na súa eliminación e instauración das alternativas máis adecuadas.

Empregamos o que poderíamos denominar un servizo específico de atención a este tipo de alumnado, en momentos puntuais e en formato de “tempo fóra” .

8.2. Obxectivos

- Complementar as actuacións establecidas nas NOF en relación con condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Conseguir que o alumnado obxecto de atención modifique a súa conduta.

- Facilitar a incorporación do alumnado á súa aula no menor tempo posible.
- Instaurar condutas acordes coas normas de convivencia do centro.

8.3. Profesionais e espazo

Este servizo desenvolverase mediante a intervención de profesorado de garda asignado en cada franxa horaria para este fin. Por este motivo, este profesorado debe permanecer no lugar indicado pola dirección durante a garda. De ser necesario, participarán tamén xefatura de estudos e a xefatura do departamento de orientación.

Utilizarase como aula de convivencia o despacho de orientación do centro.

8.4. Procedemento de actuación

Ao informar das normas de clase ao alumnado, explicámoslle que en determinados casos (cando se produzan condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que comporten un obstáculo para o desenvolvemento da clase), poderán ser enviados xunto a outro/a docente ata que sexa posible que volvan a súa aula..

Ante unha situación en que un/ha alumno/a presente un episodio de conduta grave contra as normas de convivencia, a persoa que estea impartindo clase comunicarllo ao docente de garda en funcións de "Atención á diversidade", para que se faga cargo do neno ou nena en cuestión.

A persoa que recibe o neno ou nena, cinguirase a:

- Pedirlle que se coloque de pé ou sentado. Explícaselle que ven debido ao seu comportamento e que poderá volver a clase cando modifique a súa conduta.
- Intentar que reflexione sobre o seu comportamento.
- Se fose preciso, esperar a que se calme.
- Unha vez feito o proceso e reconducida a conduta, lembrarlle que en pouco tempo poderá ir á súa aula, pero se persiste na conduta inadecuada retornará xunto a nós.

Esta actuación non obsta para que se apliquen medidas correctoras doutra índole.

9. PROTOCOLOS E PROGRAMAS ESPECÍFICOS

9.1. Compromisos de convivencia

A súa principal finalidade é a de establecer mecanismos de coordinación co profesorado e outros profesionais que atenden ao alumno ou alumna e de colaborar na aplicación de medidas que se propoñan, tanto no tempo escolar coma no tempo prexudiciais, para superar unha determinada situación.

Con eles tratarase sempre de potenciar o carácter preventivo das posibles situacións de alteración da convivencia que se puidesen presentar, ou para previr o seu agravamento.

O compromiso dirixirase a casos nos que o alumnado:

- Habitualmente non acepta as normas na aula ou no centro.
- Ten moitas faltas de asistencia que dificultan o seu desenvolvemento académico e integración.

- Ten problemas de atención e aprendizaxe que inflúan no seu comportamento

- A familia colabora

Con este instrumento poderemos tratar problemáticas relacionadas con:

- Asistencia ao colexio.
- Asistencia co material escolar preciso.
- Realización de tarefas na casa.
- Comportamento.

Pasos para o seu desenvolvemento:

- O/a titor/a subscribe o compromiso por propia iniciativa, por suxestión do equipo docente ou da familia.
- No Compromiso estableceranse os obxectivos, as medidas, as obrigacións de cada parte, as datas de revisión e de contacto coa familia, así como os procedementos para valorar a efectividade.
- Informarase ao equipo educativo e á xefatura de estudos.
- Cada mestre ou mestra valorará o comportamento durante a súa hora de clase, podendo realizar observacións.

O mestre/a titor ou titora trasladará á dirección do centro calquera proposta de compromiso de convivencia, con carácter previo á súa subscrición, para que este verifique o cumprimento das condicións previstas no Plan de Convivencia para a aplicación desta medida. E unha vez verificadas as condicións, o director ou directora autorizará o titor ou titora para que o subscriba.

Dos compromisos de convivencia autorizados quedará constancia por escrito, e neste indicaranse as medidas concretas que se acorden para superar a situación que presenta o alumnado, as obrigas que asume cada unha das partes para o desenvolvemento das devanditas medidas e a data e as canles de avaliación da súa efectividade. Así mesmo, deberá quedar constancia da posibilidade de modificar o compromiso, en caso de incumprimento por algunha das partes ou de que as medidas adoptadas non dean o resultado esperado.

A dirección do centro informará a Comisión de Convivencia sobre os compromisos de convivencia que este autorizara.

9.2. Protocolo de mediación

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, o centro utilizará a mediación como estratexia preventiva, resolutive e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

As características esenciais da mediación son as seguintes:

- É un acto cooperativo en vez de competitivo.
- Baséase nun proceso de resolución de conflitos.
- Está orientado cara ao futuro en vez do pasado.
- Hai dous posibles gañadores.
- Esixe honestidade e franqueza.
- É voluntario.
- Preocúpase polas necesidades, sentimentos e emocións.
- Non é ameazante, non é punitivo.
- É confidencial.

- A persoa mediadora axuda a remover os obstáculos de comunicación, malentendidos, prexuizos, etc.
- Ten unha dimensión pedagóxica na que as partes deben resolver "o seu conflito".
- Ofrece a oportunidade de que cada parte escoite o punto de vista da outra.
- É un proceso no que se teñen que propoñer alternativas sobre as cuestións do conflito e chegar a un acordo.
- Este acordo debe ser posible, escrito e supervisado.

O/a director/a comunicará a aplicación desta medida á Comisión de Convivencia do centro, ao titor ou a titora e ás familias do alumnado implicado.

O/a director/a do centro, a petición de calquera membro da comunidade educativa, ofrecerá o alumnado implicado en condutas contrarias ás normas de convivencia do centro que puidesen derivar na imposición dunha sanción a posibilidade de acudir á mediación escolar, debendo quedar constancia escrita da aceptación das condicións por todas as partes, así como do compromiso de que, en caso de acordo, aceptárase a realización das actuacións que se determinen.

A mediación será desenvolta pola orientadora ou orientador, en estreita relación e coordinación cos titores ou titoras e a dirección do centro.

Conflitos susceptibles de ser mediados son os relacionados con:

- Faltas de respecto
- Rumores e malentendidos
- Obxectos persoais
- Espazos de xogo
- Discriminación e/ou hostigamento
- Valores
- Deterioro da relación

Documentos (nos anexos)

Formulario de derivación ou solicitude de mediación.

Formulario do acordo.

Informe final da mediación.

Formulario do seguimento.

Proceso de mediación

- O proceso iníciase cando calquera membro da Comunidade Escolar que ten coñecemento dun conflito o deriva ao Programa de mediación.
- O equipo de mediación coa información básica recollida decide si é posible nese caso a mediación e de selo asigna un/ha mediador/a.
- A persoa mediadora entrevistarase coas persoas implicadas por separado para recadar información e explicarlles en que consiste o proceso de mediación.
- Realízase a sesión de mediación que terá as seguintes fases:
 - a) Inicia a persoa mediadora.
 - b) Falan as partes implicadas.
 - c) Intercambio e/ou aclaración do problema
 - d) Busqueda e selección de solución

- e) creación do acordo.
- Si a mediación conclúe satisfactoriamente o acordo recollerase por escrito, asinarase por tódalas partes e entregarase una copia a cada parte e outra quedará arquivada.
- Despois de dúas semanas realizarase o seguimento cunha reunión da persoa mediadora cas partes implicadas. Do resultado da mesma deixarase constancia por escrito.

9.3. Protocolo de acoso

(Ver o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso Maio 2013 elaborado pola Consellería) (Tódolos anexos indicados son dese documento)

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Criterios de identificación do acoso escolar

1. A existencia de intención de facer dano.
2. A repetición das condutas agresivas.
3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Procedemento

Fase 1 Coñecemento da situación. Identificación e comunicación

Paso 1º: Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (Anexo I)PA

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas, por calquera medio, dunha situación de acoso sobre algún alumno ou alumna ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Paso 2º:

Medidas urxentes de protección á vítima

Se se estima necesario, adoptaranse as medidas de urxencia que se requirían para protexer á vítima.

Medidas que garantan a inmediata seguridade, así como medidas de apoio e axuda:

- Vixilancia específica das persoas indicadas.

- Supervisión e vixilancia naqueles lugares onde poida producirse o suposto acoso.
- Medidas cautelares que impidan o contacto entre a suposta vítima e a persoa ou persoas causantes da posible situación de acoso.
- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.

Paso 3º: Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo do protocolo II)PA

A persoa titular da dirección do centro designará una persoa responsable da atención á presunta vítima entre o profesorado do propio centro. Procurarase, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde una relación de confianza e proximidade.

Paso 4º: Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado

A persoa responsable da dirección do centro, e coa debida cautela, poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado implicado, para o que empregará a vía de comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos III e IV.

Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos ocorridos e, de ser o caso, das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación. Tamén se lle comunicará a posibilidade de requirir novamente a súa colaboración para recadar información que contribúa a esclarecer os feitos.

Paso 5º: Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (**anexo V**)

A dirección do centro designará unha persoa, entre o profesorado do propio centro, responsable da tramitación do protocolo e no mesmo nomeamento será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.

Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para adoptar as medidas oportunas e, de ser o caso, será tamén a persoa responsable da tramitación do correspondente expediente disciplinario se definitivamente se conclúe en que se trata dun caso de acoso escolar.

Paso 6º: Comunicación a outros profesionais educativos e/ou outros axentes externos (**anexo VI**)

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais...).

Resumo Fase 1



Fase 2 Recollida de información. Rexistro (anexo VII)

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración o prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Para a recollida e rexistro da información, tal como se indicou ao principio deste documento, achéganse unha serie anexos.

A información debe recollerse dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen...; entrevistas individuais con citas previas ao alumno ou alumna acosado/a, alumnado acosador, familia do alumno ou alumna acosado/a e familia do alumnado acosador, titor/a e profesorado de aula, compañeiras ou compañeiros e, se é preciso, persoas relacionadas co centro (coidadores, monitores de actividades extraescolares...), persoas dependentes doutras institucións...

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso, aínda que se producise fóra das instalacións do centro.
- Feitos observados.

Paso 1º: Entrevista individual á vítima. Citación do alumno ou alumna acosado/a a unha entrevista (**anexo VIII**)

O obxectivo desta entrevista será proporcionarlle apoio e protección á alumna ou alumno e, ao mesmo tempo, obter a súa información ao respecto. Cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

A entrevista debe comezarse de xeito indirecto e ir centrándose progresivamente no tema. Haberá que manter unha actitude comprensiva e amosarse receptivo. No remate desta debe transmitirse unha actitude tranquilizadora e comunicar explicitamente a busca de solucións e o compromiso para atallar o problema detectado.

Paso 2º: Entrevista individual á persoa ou persoas responsable/s do acoso. Citación do alumnado acosador a unha entrevista (**anexo IX**)

O obxectivo desta entrevista será o de recoller a información dende o punto de vista da persoa ou persoas agresora/s, amosar a postura do centro de intolerancia cero ante as agresións e que tome ou tomen conciencia das consecuencias da súa conduta para a vítima e para eles ou elas mesmo/as. Cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Paso 3º: Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (**anexo X**)

Recollida de información das persoas “espectadoras/observadoras”, que son os membros da comunidade educativa que poden coñecer os feitos pero non participan activamente nestes. Cando o alumno ou alumna entrevistado sexa menor de idade, procederá que esta entrevista se produza en presenza dun adulto.

Trátase de contrastar a información achegada por estas persoas coa obtida da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s, coa finalidade de poder garantir a veracidade dos feitos.

No caso de que sexa máis dunha persoa, as entrevistas deben ser realizadas de forma individual.

Paso 4º: Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e (**anexo XI e XII**)

Trátase de dar a coñecer e recoller información sobre os feitos denunciados, se son coñecidos polos pais e, de ser o caso, que medidas tomaron ata esa data ao respecto.

É preciso informar da postura firme do centro sobre a intolerancia absoluta de cara ás agresións e procurar a colaboración das familias, contándolles os seguintes pasos da intervención para a atallar o problema.

Entrevista coa familia da vítima. Necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Tamén serán informados das medidas adoptadas para a súa protección.


Entrevista coa familia da persoa ou persoas acosadora/s. Necesaria para tranquilizar a familia e para que saiban cal é a situación dos feitos. Os datos achegados servirán para completar a información e servirán na adopción de medidas conxuntas. Serán informados de posibles medidas provisionais que se puidesen adoptar e que lle afecten ao seu fillo ou filla, amosándolles a postura firme do centro de intolerancia ás agresións e facéndolles ver as consecuencias deste tipo de condutas.

Paso 5º: Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (**anexo XIII**)

A persoa responsable da tramitación poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico da persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro cando o para o desenvolvemento do proceso.

Paso 6º: Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (**anexo XIV**).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.



Fase 3 Análise da información e adopción de medidas

Paso 1º Análise da información (**anexo XV**)

Antes de adoptar calquera medida é necesario contrastar a información recollida.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, deberá ser comunicada polo responsable da tramitación á dirección do centro, quen precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará as medidas que cómpre adoptar, sempre de acordo coas previsións recollidas nas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) e no regulado na Lei 4/2011, do 30 de xuño.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade.
- Ao servizo de Inspección Educativa correspondente.
- Ao profesorado titor do alumnado implicado.

Cando as situacións conflitivas transcendan dos recursos e competencias do sistema educativo ou cando os órganos responsables do centro sintan que

non poden abordar o problema, poderá solicitarse axuda externa e poñelo en coñecemento dos servizos competentes.

Paso 2º Adopción de medidas (anexo XVI)

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e coas súas familias.

Esta proposta recollerase por escrito e indicaranse as medidas, os axentes implicados, os recursos utilizados, a temporalización e o seu seguimento e avaliación.

A persoa responsable da dirección do centro, tomando en consideración esta proposta, ditamará as medidas definitivas que hai que adoptar, para o que, se o considera oportuno, poderá solicitar a colaboración do Departamento de Orientación e da Comisión de convivencia do centro.

Medidas reeducadoras para as persoa ou persoas agresora/s

Como actuacións complementarias ás medidas correctoras concluídas logo do oportuno expediente disciplinario, é preciso desenvolver coa persoa ou persoas agresora/s medidas reeducadoras coma as seguintes:

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais.
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa.
- Formación de equipos de mediadores.
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos.
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais).
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitud de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas.
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede.

Medidas correctoras para a persoa ou persoas agresora/s (anexos XVII e XVIII)

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras

correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva.

Para a tramitación deste expediente disciplinario, a dirección do centro facilitaralle á persoa que o tramite a seguinte documentación:

- Normativa de referencia.
- Esquema cos pasos e prazos que hai que seguir para a súa tramitación (**anexo XVII**).
- Modelos do procedemento e proposta de resolución do expediente disciplinario, sexa mediante un procedemento común ou, de ser o caso, mediante un procedemento conciliado de corrección (**anexo XVIII**).

Paso 3º Outras medidas

Co grupo-clase e co alumnado espectador/observador

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón.
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos.
- Analizar as consecuencias dos comportamentos.
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato.

Coas familias

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar.
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos.
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de conflitos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...
- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos).

Co equipo docente

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar.
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro.
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito.


- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor.
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas.
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores).

Paso 4º Comunicación á Inspección Educativa (anexo XIX)

A persoa responsable da dirección do centro realizará esta comunicación á Inspección Educativa, que se producirá nos seguintes casos:

- Cando se confirma a situación de acoso escolar e se procede á tramitación do procedemento do correspondente expediente disciplinario
 - Cando haxa coñecemento da existencia de denuncia policial ou denuncia xudicial.
 - Cando o solicite, de oficio, a propia Inspección Educativa.
- Esta comunicación recollerá, cando menos:
- A información recollida no centro.
 - As actuacións realizadas e as datas nas que se levaron a cabo.
 - A información complementaria que se considere relevante ao respecto.

Resumo Fase 3



Fase 4 Seguimento das medidas adoptadas. Rexistro (anexo XX)

Unha vez adoptadas as medidas previstas levarase a cabo un seguimento da situación por parte da persoa encargada do mesmo.

9.4. Protocolo de procedemento conciliado (art.49, decreto 8/2015)

O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agriada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.

O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:

a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.

b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.

O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:

a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.

b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes

legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

- Contribuír ao proceso de conciliación.
- Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
- Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

9.5. Protocolo ante agresións a docentes

No NOF recóllense os distintos criterios e clasificación das condutas contrarias á convivencia así como as medidas de corrección entre as que se atopan as agresións físicas, verbais ou xestuais a docentes.

A actuación nestes casos sería a que consta no seguinte cadro.

Esquema de protocolo de actuación ante agresións a docentes



9.6. Programa que contribúa á adquisición e mellora de habilidades sociais

Elaborarase por parte do departamento de orientación un programa de habilidades sociais.

Traballaranse nas aulas habilidades sociais asertivas e de autoconhecimento que capaciten o alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos.

Educarase para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto.

Exercitaranse técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración.

Formaranse comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...

Facilitaráselle ao alumnado canles para que poida comunicarse co profesorado.

Desenvolveranse nas titorías actividades enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...

Faranse titorías grupais proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...

10. ACTUACIÓNS PREVISTAS

10.1. Medidas de carácter organizativo

Constan no NOF.

10.2. Actuacións preventivas. Elaboración e difusión de normas

É importante destacar que con independencia dos contidos obxecto das Normas de Convivencia, estas non poden perder nunca a perspectiva da súa finalidade última, que non é outra que facilitar a convivencia grupal no Centro, compartir, acordar e realizar tarefas en común para mellorar a colectividade. Trátase, pois, máis de previr que de intervir, de crear un ambiente sensible e cordial para a acción en común máis que de regulamentar cantas actividades se realicen.

O Consello Escolar, a Comisión de Convivencia, os órganos de goberno dos centros, o profesorado e os restantes membros da comunidade educativa porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, establecendo as medidas educativas e formativas que se consideren necesarias.

Do mesmo modo, poderase requirir aos pais, ás nais ou aos representantes legais do alumnado e, no seu caso, ás institucións públicas competentes, a adopción de medidas dirixidas a modificar aquelas circunstancias que poidan ser causa directa ou indirecta de actuacións contrarias ás Normas de Convivencia.

Este conxunto de medidas terá como finalidade primordial mellorar a convivencia, previr a violencia e resolver de forma pacífica os conflitos que puidesen formularse no centro.

10.2.1. Actividades para facilitar a integración e a participación do alumnado:

- Actividades de acollida para o alumnado que se matricula no centro por

primeira vez.

- Entrevista cos pais do alumno/a para recollida de datos.

- Período de adaptación do alumnado de 4º de Ed. Infantil no mes de setembro.

Responsable: Equipo Directivo, e profesor/a titor do recién chegado.

10.2.2. Actividades que faciliten o coñecemento por parte do alumnado das normas de convivencia:

- Reunión cos pais a principios de curso para informar sobre o funcionamento da aula, programación xeral do curso, horarios, profesorado, criterios de avaliación, etc.

Responsable: Equipo Directivo e profesor/a titor do alumno/a.

- Circular a pais e profesores sobre normas xerais de funcionamento do colexio.

Responsable: Equipo Directivo.

- Elaboración a principios de curso das normas de funcionamento da clase.

Responsable: profesor/a titor/a.

10.2.3. Actividades para divulgar os dereitos e deberes do alumnado:

- Dar publicidade do Plan de Convivencia.

Responsable: Equipo Directivo.

- Elaboración conxunta a principios de curso das normas de funcionamento da clase.

Responsable: profesor/a titor/a.

10.2.4. Actividades para favorecer a relación das familias e o centro educativo:

- Reunión cos pais a principios de curso para informalos sobre o funcionamento da aula, programación xeral do curso, horarios, profesorado, criterios de avaliación, etc.

Responsable: Equipo Directivo e profesor/a titor do alumno/a.

- Dedicar unha hora para a atención tutorial ás familias.

Responsable: profesor/a titor do alumno/a.

- Información trimestral sobre resultados escolares.

- Sesións tutoriais coas familias daqueles alumnos que mostren dificultades no seu proceso de aprendizaxe, co fin de mellorar o traballo e os hábitos destes alumnos, así como aumentar a colaboración da familia.

Responsable: Equipo Docente e profesor/a titor do alumno/a.

- Entrevistas periódicas cos pais de alumnos que presenten problemas de comportamento.

Responsable: Equipo Docente e profesor/a titor do alumno/a.

- Enviar aos pais información escrita sobre os traballos realizados polo alumnado para a súa supervisión.

Responsable: Equipos Docentes.

- Charlas informativas cos pais de 6º para aclarar dúbidas sobre os seus futuros estudos.

Responsable: Orientador/a de referencia, Equipo Directivo e profesorado titor/a de 6º.

- Uso de axenda escolar como vehículo de información titorial entre centro e familia.

Responsable: Equipos Docentes.

- Información periódica sobre técnicas de estudo e hábitos de traballo para o alumnado.

Responsable: orientador/a de referencia e equipos docentes.

- Charlas formativas sobre aspectos relacionados coa súa formación como pais e nais.

Responsable: orientador de referencia.

- Dar a coñecer á comunidade os diferentes elementos que conforman o Proxecto Educativo do centro, así como os diferentes servizos que se prestan neste, co fin de que mellore o grao de aprecio e recoñecemento do labor educativo e formativo que este desempeña dentro do seu contorno máis inmediato e dentro da localidade.

Responsable: Equipo Directivo, claustro de profesores e ANPA.

10.3. Actuacións previstas para a sensibilización da comunidade educativa

10.3.1. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais:

- Dar publicidade á normativa e protocolos de actuación.
- Charlas titoriais de carácter preventivo.
- Facilitar bibliografía específica do tema.
- Celebración de día da Paz e a Non Violencia (30 de xaneiro).
- Cursos sobre habilidades sociais e educación emocional.
- Seleccionar actividades extraescolares ou complementarias relacionadas coa convivencia.

10.3.2. Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres:

- Promover o uso non sexista da linguaxe, tanto oral como escrita.
- Observar condutas, situacións, publicidade e publicacións sexistas no contorno escolar.
- Informar a comunidade educativa sobre aspectos e actividades relacionados co tema.
- Realizar actividades para celebrar o Día da Muller Traballadora e o día Contra a violencia de xénero.
- Reforzar a biblioteca coa adquisición de materiais (libros, vídeos, xogos, etc.) para uso de toda a comunidade educativa que incorporen unha visión non

sexista da realidade.

10.3.3. Actividades dirixidas á sensibilización do alumnado, do profesorado e das familias con relación ao desenvolvemento da tolerancia e o respecto.

- Organizar no centro actividades conmemorativas seleccionadas entre as seguintes:

- Outubro: día 1, Día Internacional das Persoas de Idade (ONU); día 10, Día Mundial a Saúde Mental (ONU).
- Novembro: día 15, Día Nacional da Escoita (teléfono da esperanza); día 16, Día Internacional para a Tolerancia (ONU); día 20, Día Universal do Neno (ONU).
- Decembro: día 3, Día Internacional das Persoas con Minusvalidez (ONU); día 10, Día dos Dereitos Humanos (ONU); día 18, Día Internacional do Migrante.
- Xaneiro: día 30, Día Internacional da Paz.
- Marzo: día 8, Día das Nacións Unidas para os Dereitos da Muller (ONU); día 21, Día Internacional da Eliminación da Discriminación Racial (ONU).
- Maio: día 15, Día Internacional das Familias (ONU).
- Xuño: día 5, Día do Medio Ambiente.

11.NECESIDADES DE FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A formación dos membros da comunidade educativa seguirá a mesma canle que para o resto de necesidades de formación do proceso de ensino.

- Os equipos de orientación educativa asesorarán na elaboración e desenvolvemento dos plans de orientación e de acción tutorial e dos plans de convivencia. Estas actuacións inclúiranse no correspondente plan anual de traballo.

- Os centros do profesorado promoverán a formación do profesorado no seo do propio centro educativo e a creación de grupos de traballo e de redes de centros educativos e de profesorado que desenvolvan accións formativas dirixidas especificamente a mellorar a súa cualificación no contorno da educación para a cultura de paz, a mellora das prácticas educativas en relación coa convivencia escolar, a igualdade entre homes e mulleres, a mediación escolar e a resolución pacífica dos conflitos.

- A Administración educativa facilitará a formación dos equipos directivos dos centros, da inspección educativa, dos membros dos equipos de orientación educativa e das asesorías dos Centros do Profesorado, así como do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, nos contidos e competencias que se requiren para a promoción da cultura de paz, a mellora da convivencia, a mediación e a resolución pacífica dos conflitos.

- A Consellaría de Educación favorecerá a formación dos pais e nais do alumnado dos centros educativos, especialmente dos delegados e delegadas de pais e nais, en aqueles contidos e competencias que lles permitan a promoción da cultura de paz e a prevención da violencia e a mellora da convivencia nos contornos familiar, escolar e social, e en particular, para levar a cabo tarefas de mediación para a resolución pacífica dos conflitos. Para tales efectos, impulsará a creación de escolas de pais e nais.

- A Administración educativa potenciará a celebración de actividades formativas conxuntas nas que participen pais e nais do alumnado, profesorado e equipos directivos, encamiñadas ao fomento da cultura de paz e á participación da comunidade educativa nos centros docentes.

12. ESTRATEXIAS E PROCEDEMENTOS PARA A DIFUSIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Os mecanismos que se utilizarán para dar a coñecer e difundir os contidos do Plan de Convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa serán os seguintes:

- Circulares informativas a profesores, pais e alumnos sobre aspectos do plan.

- Charlas titoriais con pais e alumnos sobre as normas de convivencia en vigor.

- Difusión de protocolos de actuación en supostos de acoso escolar, agresión cara ao profesorado ou persoal non docente e en caso de maltrato infantil que recolle a normativa.

O seguimento e avaliación do plan correrá a cargo da Comisión de Convivencia e do Consello Escolar no seu conxunto, os cales terán establecido un plan de reunións nas que se estudará a evolución da convivencia no centro.

No caso de ausencia de incidencias, a Dirección do centro cumprimentará o certificado correspondente segundo o calendario que vaia marcando a administración neste sentido.

O equipo directivo elaborará ao final de cada curso escolar unha memoria do plan de convivencia que, tras a súa aprobación polo Consello Escolar, se incorporará á memoria final de curso. Nela incluíranse as propostas de mellora que a Comisión de Convivencia, o claustro de profesores, as asociacións de nais e pais do alumnado consideren pertinentes.

Ao comezo de cada curso escolar, o centro revisará o Plan de Convivencia co obxecto de analizar a evolución do estado da convivencia no centro e incorporar este as propostas de mellora recollidas na memoria do curso anterior. O documento de revisión anual do Plan de Convivencia deberá ser aprobado polo Consello Escolar, por maioría absoluta dos seus membros, incluído no proxecto educativo do centro e remitido á correspondente Delegación Provincial da Consellaría de Educación antes da finalización do mes de novembro.

13. ANEXOS

- IMPRESO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN
- INFORME DE MEDIACIÓN
- REXISTRO DE ACORDO DE MEDIACIÓN
- SEGUIMENTO DE ACORDO DE MEDIACIÓN
- AVALIACIÓN. RECOLLIDA DE DATOS ANUAL DE INCIDENCIAS RELACIONADAS CON CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

IMPRESO DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN (Entregar ao/á director/a)

Solicitante da mediación

Nome:

Data:

Membro do equipo directivo

Orientadora

Titor dalgunha das persoas en conflito

Profesor dalgunha das persoas en conflito

Profesor do centro educativo que coñece o conflito.

Alumno que forma parte do conflito

Alumno que coñece o conflito

Pai ou nai dalgunha das persoas en conflito

Pai ou nai que coñece o conflito

Persoal de secretaría, conserxaría ou limpeza

Outros (especificar):

Persoas en conflito:

Alumnos/as:

Cursos:

Outros membros da comunidade educativa:

Breve descrición do conflito:

INFORME DE MEDIACIÓN

Don/a.....

Mediador/a entre.....

e.....

informa que realizado o proceso de mediación, as partes implicadas chegaron ao seguinte acordo:

Que revisaremos no prazo de:

Santiago, a....de.....de.....

O/a mediador/a

Asdo:

CEIP RAÍÑA FABIOLA

REXISTRO DE ACORDO DE MEDIACIÓN

..... e
.....

Estamos de acordo en resolver o conflito e para que estes problemas non volvan suceder, comprometémonos a:

Revisaremos estes acordos no prazo de:

Comprometémonos así mesmo, a gardar a confidencialidade de todo o tratado.

Santiago, a....de.....de.....

Os afectados pola mediación:

Asdo.:

Asdo.:

O mediador ou mediadores:

Asdo.:

Asdo.:

SEGUIMIENTO DE ACORDO DE MEDIACIÓN

Don/a.....

Mediador/a entre.....

e.....

feito o seguimento do acordo de mediación consétese que:

O acordo foi respectado

O acordo
acordo non foi respectado

Medidas que se toman neste caso:

Que revisaremos no prazo de:

Santiago, a....de.....de.....

O/a mediador/a

Asdo:

AVALIACIÓN. RECOLLIDA DE DATOS ANUAL DE INCIDENCIAS RELACIONADAS CON CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Curso: 20.... - 20....

INCIDENCIAS

Nº

- Partes de incidencias por disrupción
- Alumnos enviados á dependencia destinada ao tratamento do conflito e traballo individualizado
- Alumnos sancionados coa suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro
- Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo de tres días
- Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos
- Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases durante un período superior a cinco días e inferior a dúas semanas
- Alumnos sancionados coa suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período superior a tres días lectivos e inferior a un mes
- Actos de indisciplina
- Actos de inxuria ou ofensas
- Agresións físicas contra os demais
- Danos causados por uso indebido ou intencionadamente nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa
- Furtos
- Pelexas
- Cambios de centro

Santiago de xuño de 20....

A xefatura de estudos

CONSELLO ESCOLAR

Con data o día 03 de abril de 2018, o Consello Escolar foi informado do Plan de Convivencia que figura nas páxinas anteriores .

En Santiago de Compostela, a 3 de abril de 2018.

A Xefa de Estudos

A Directora

A Secretaria

CEIP RAÍÑA FABIOLA